

Liga Municipal de Fútbol Sala de Arteixo

Anexo I.

Regulamento de Competición
Categorías Sénior e Veteranos



LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA CONCELLO DE ARTEIXO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.A Competición de Liga e Copa, tanto na súa organización, coma no seu desenvolvemento, rexeranse, especificamente polas normas contidas no presente Regulamento.

2.O número máximo de xogadores inscritos será de 12 na categoría sénior e 15 na categoría de veteranos. O número máximo de xogadores que poderán participar nun encontro é de 12. Os equipos que teñan un filial, só poderán inscribir 9 fichas (xa que con tres do equipo "B" fan un total de 12 fichas). A idade mínima para participar na categoría de veteranos será de 32 anos cumpridos. Se un xogador cumpre os 32 anos durante a tempada pódela tramita-la ficha, ocupará unha das 15 prazas, pero non poderá xogar ata cumpla-la idade.

3.Nas categorías Sénior poderá haber equipos filiais, coa única condición de que ten que pertencer a algunha categoría inferior do primeiro equipo. Só tres xogadores do filial que teñan menos de 23 anos cumpridos (sub-23) durante a tempada en curso, poderán participar indistintamente tanto no primeiro equipo coma no "B", coa única excepción de que non poderá participar nun mesmo día en dous encontros. Estes xogadores deberán ser nomeados a principios de tempada polos clubs correspondentes e só poderán ser substituídos por outros en caso de lesión (mesmas condicións que o apartado 12 das condicións xerais).

4.Non poderá inscribirse no presente campionato ningún xogador coa condición de Profesional dun equipo da liga Nacional de Fútbol sala.

5.Non poderá inscribirse ningún xogador, adestrador ou directivo que fose expulsado da competición, así como doutros campionatos.

6.A inscrición dos equipos participantes para as respectivas tempadas, pecharase cando o designe o Servizo Municipal de Deportes. Os equipos que non se inscriban antes desta data, quedarán excluídos da competición e entrarán os clubs novos que estean na listaxe de espera.

7.A idade mínima para participar na competición será de 16 anos cumpridos ao comezo de tempada (ata que non cumpran os 18 anos terán que ter un consentimento expreso dos seus pais ou titores).

8.As altas das fichas para a competición de Liga poderán tramitarse ata o comezo da segunda volta de competición.

Para a información e atención aos participantes ata a finalización da tempada estableceranse 15 horas de oficina de atención ao público

LUNS	MARTES	MERCORES	VENRES
PAZO (18:00 a 23:00)	GALAN (19:30 A 23:30)	PAZO (21:00 A 00:00)	PAZO (11.00 A 14:00)
		(SO ENTREGA DE DOCUMENTACION)	GALAN (19:30 A 22:30)

10. Ningún xogador poderá participar nun encontro sen tramitar a ficha na oficina de atención ao público cunha antelación mínima de 48 horas antes do próximo encontro. En caso de non contar coa ficha no momento do encontro esíxese a entrega doutra documentación identificadora (DNI, carné de conducir, etc.), pero sendo indispensable que o xogador fose dado de alta, en caso contrario o equipo incorrerá nunha aliñación indebida, sancionada coa perda do partido por 3 goles a 0 para o equipo infractor.

11. Ningún participante poderá cambiar de club ao longo dunha mesma tempada, salvo que o interesado non fose inscrito máis de 5 partidos na acta dalgún encontro oficial e todo dentro do prazo de altas e baixas de fichas (só se autorizará a baixa dun mesmo xogador tan só nunha ocasión ao longo dunha mesma tempada). Este xogador terá que presentar o consentimento escrito do seu club de procedencia.

11. Ningún xogador que faga uso da póliza de asistencia sanitaria poderá ser substituído por outro xogador ao longo da tempada.

12. Se un equipo quedase durante a tempada con menos de 8 xogadores no seu persoal, poderán dar altas e baixas de fichas fóra do período anteriormente indicado, se un xogador ten unha lesión grave (con certificado médico e que a duración mínima da lesión sexa de 5 meses) ou que, por motivos de traballo, un xogador teña que desprazarse a outra localidade, impedíndolle participar no campionato.

13. Se durante o transcurso do encontro un dos equipos queda con tres xogadores sobre a cancha por lesións, expulsións ou calquera outra causa imputable ao equipo que queda en inferioridade, o encontro darase por concluído por un gol a cero (1-0) na súa contra, se o resultado lle fose favorable no momento da suspensión. En caso de empate o resultado sería así mesmo de 1-0 en contra do que queda en inferioridade. Se o resultado é a favor do equipo que está regulamentariamente en pista, este quedará como sinala o marcador.

14. Antes de comezar o partido só se inscribirá na acta os xogadores que estean presentes. No transcurso do primeiro período poden incorporarse a el ata completar a listaxe de 12 xogadores, entregando a ficha correspondente ao cronometrador. Co comezo da segunda parte péchase a acta, non podendo inscribirse máis xogadores.

15. As regras de xogo serán as da F.G.F.S., excepto as citadas no presente regulamento.

16. Un xogador poderá sacar unha falta, desde o sitio onde se produce e a balón parado, sen o asubío do árbitro.

17. Un xogador non poderá poñerse encima da pelota para impedir que saque unha falta un contrario. Se non pide barreira o xogador beneficiado da falta, o xogador do equipo infractor terá que colocarse a non menos de tres metros de onde se executa a devandita falta, senón será amoestado.

18. Non se admitirán cambios de partidos a instancias de ningún equipo, sendo os horarios definitivos, os publicados pola organización do campionato.

INCOMPARENCIAS

1. O mínimo esixible de xogadores para celebrar un partido será de 4 xogadores. Se un equipo non se presenta ao partido, será considerado como non presentado, dando como gañador do partido ao equipo contrario co resultado de tres a cero. Ao equipo que non se tivese presentado restaráselle tamén 3 puntos da súa clasificación xeral. Á terceira vez que non se presente, será expulsado do campionato.

Se un equipo se presenta con 1 a 3 xogadores, non se poderá celebrar o partido, dando como gañador do partido ao equipo contrario co resultado de tres a cero. A este equipo

restaráselle tamén 3 puntos da súa clasificación xeral. Se este equipo repetise esta acción dúas veces máis, será expulsado do campionato.

O equipo que sexa expulsado por incomparecencias, ocupará a final de tempada unha das tres prazas de descenso á categoría inferior.

2.A incomparecencia que se produza no Torneo de Copa fará que o equipo que non se presente non poderá participar na próxima edición deste Torneo.

3.As fichas entregaranse cinco minutos antes da hora establecida para cada encontro, aínda que vaian con retraso.

Os partidos comenzarán á hora establecida pola organización ou, no caso de ires con retraso por incidentes, cando remate o partido previo e quede a pista libre. Se o cronómetro leváse máis de cinco minutos en marcha e un equipo aínda non compareceu co mínimo de xogadores exixidos coas fichas correspondentes, o partido suspenderase por INCOMPARECENCIA. Se o fai co crono en marcha antes de cinco minutos, ó equipo se lle penalizará cun APERCIBIMIENTO.

4.No caso de que un equipo fose excluído da competición por incomparecencias aplicaranse as seguintes accións:

- Se a infracción se consumase na primeira volta, anularanse todos os puntos obtidos polos demais clubs que tivesen competido con el.
- Se o for a partir do segundo encontro da segunda volta, aplicarase idéntica norma en relación aos partidos correspondentes a esta, pero respectándose todas as puntuacións conseguidas no transcurso da primeira.
- O Club así excluído quedará adscrito ao término da tempada á división inferior, computándose entre as prazas previstas para o descenso nas bases da competición.
- Se un equipo non comparece á hora en que comece o partido, e iso determina a súa suspensión, daráselle por perdido, declarándose vencedor ao opoñente polo tanteo de tres a cero.
- A retirada dun equipo do terreo de xogo, unha vez comezado o partido, ou a negativa a inicialo, cualificarase como incomparecencia, sendo aplicable a tales circunstancias as disposicións contidas no presente apartado.

CAMBIO DE NOME DOS EQUIPOS

Só se poderá cambiar de nome aos equipos e así respectar a categoría que ostentaban se:

- Hai consentimento do Presidente e Delegado.
- Se hai consentimento da casa publicitaria saínte.
- Continúan polo menos o 50% dos xogadores con ficha a tempada anterior.

Esta norma é para que os equipos que queden ben clasificados nas categorías inferiores e que non conseguisen o ascenso, teñan opción de subir de categoría se algún equipo de superior categoría desaparece.

VESTIMENTA DOS XOGADORES

1.Todos os xogadores dun equipo deberán vestir a camiseta e pantalón igual a excepción do porteiro que levará unha de diferente cor. Os xogadores que non cumpran esta regra serán apercibidos cunha falta leve. Se é reincidente restaráselle un punto ao seu equipo.

2.Seguridade. Ningún xogador utilizará ningún equipamento que poida ser perigoso para el mesmo ou para outros xogadores (incluído calqueira tipo de xoia).

DELEGADOS

1.Dentro das competicións, os equipos están representados polos Delegados, Adestradores e Capitáns.

2.Cada club deberá presentar un delegado, que será o máximo representante do seu equipo durante o encontro.

3.Nos equipos que non presenten Delegado, o capitán poderá facer as funcións deste, sendo en todo momento o máximo responsable do club.

4.O Delegado de cada Club poñerá a disposición do árbitro un balón de peso e dimensións regulamentarios para a súa utilización. Se o partido non puidese celebrarse por falta de balón regulamentario, darase a ambos o partido por perdido.

5.Os Delegados de ambos os equipos asinarán as actas correspondentes antes de empezar a segunda parte, e faranllas asinar ao seu adestrador e capitán.

6.Ante o comité de competición será a voz autorizada do club en relación cos feitos ocorridos durante o desenvolvemento dos encontros.

7.A petición do Delegado do Club, o árbitro estará obrigado a comprobar as fichas e identidades de cantos se soliciten. Esta revisión terá lugar antes do partido, no descanso ou inmediatamente despois de terminar (calquera negativa por parte dun dos equipos, será reflectida na acta e considerárase como aliñación indebida).

8.O Delegado terá a obrigaón de presentar ao Xuíz de Mesa as fichas dos xogadores que van empezar o partido cunha antelación mínima de 5 minutos á hora programada para comezar o encontro, se non fose así, serán sancionados, aplicando o réxime disciplinario.

CAPITÁNS

1.A súa misión consistirá en representar aos seus compañeiros dentro do terreo de xogo. Durante o transcurso do encontro será o único xogador que poderá dirixirse ao árbitro para solicitar algunha información ou aclaración, cando esta sexa necesaria e sempre en termos correctos. Ningún outro xogador poderá dirixirse ao árbitro.

2.O capitán deberá levar como identificación un brazaletes ben visible que o distinga do resto dos seus compañeiros. O que non cumpra esta norma será sancionado con falta leve.

BANCOS

1.Ocuparán os bancos de cada equipo os respectivos delegados, adestradores, todos eles debidamente acreditados para poder desempeñar as devanditas funcións, así coma xogadores

suplentes, que estarán con vestimenta deportiva e con número. Os expulsados deberán situarse na bancada e desprovistos da súa vestimenta deportiva. Non se permitirá a ningún xogador estar no banco vestido de rúa, aínda que entregase a ficha ao cronometrador.

2.Só se poderá exercer de Adestrador se ten a ficha debidamente dilixenciada para exercer as devanditas funcións. Se se trata dun xogador-entrenador irá reflectido na mesma ficha.

3.Os Delegados serán os responsables de que se cumpran estas normas, se isto non se cumpre, serán sancionados (obrigarase aos Xuíces de Mesa e árbitros que inclúan na acta aos Delegados que non cumpran esta norma).

4.No espazo comprendido entre o centro da cancha e o banco (zona de mesa) non poderán estar xogadores, técnicos, delegados, debendo utilizar a zona de substitucións.

5.O adestrador é o único compoñente do banco que pode permanecer de pé no transcurso do partido. A súa zona de movemento estará limitada á zona de bancos, sen poder incidir no desenvolvemento ou continuación do xogo, nin impedir a visibilidade do cronometrador e o movemento do árbitro.

ZONA DE SUBSTITUCIÓN

1.A zona de substitucións estará situada enfrente dos bancos de cada equipo.

2.Se un substituto entra na superficie de xogo antes de que saíse o xogador que substituirá e este equipo cobra vantaxe da situación interromperase o xogo (salvo en aplicación da vantaxe) e sancionarase ao substituto con cartón amarelo.

3.Se nunha substitución, un substituto entra na superficie de xogo ou o xogador que substituirá sae desta por un lugar que non sexa a zona de substitucións do seu propio equipo: interromperase o xogo (salvo aplicación da vantaxe) e sancionarase ao infractor co cartón amarelo.

4.En ambos os casos reiniciarase o xogo cun tiro libre indirecto a favor do equipo adversario desde o lugar onde se atopaba o balón no momento da interrupción.

DURACIÓN DO PARTIDO

1.O tempo de duración dun partido é de 40 minutos, a reloxo corrido, en dous tempos iguais de 20 minutos cada un.

2.Só se parará o cronómetro por unha lesión que o árbitro considere especialmente importante e nos dous derradeiros minutos do partido (si existe unha diferenza no marcador de dous goles ou menos) só cando o árbitro considere:

- 1.que existe perda de tempo deliberada
- 2.para colocar unha barreira
- 3.penalti ou dobre penalti
- 4.despóis dun gol

3.O partido considerarase finalizado no momento que soe a bucina do pavillón, independentemente do chifre do árbitro (excepto para o lanzamento dun penalti, dobre penalti ou falta, que terá que executarse).

4.O intervalo entre os dous períodos non durará máis de 3 minutos.

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN

1.A potestade disciplinaria corresponderalle ao Comité de Competición en primeira instancia (composto por 3 membros) e ao Comité de Apelación en segunda instancia (composto por 2 membros).

2.O Comité de Competición compono 1 coordinador, 1 árbitro e poderá estar supervisado por persoal da Concellaría de Deportes. O Comité de Apelación compoñerá un coordinador e cando as circunstancias o requiran, persoal da Concellaría de Deportes.

3.En canto ao réxime disciplinario, e dada a natureza da organización e desenvolvemento do Campionato, en aras ao propio interese e á seguridade dos participantes, así como á coordinación e uniformidade de criterios, a competencia para coñecer e resolver sobre as eventuais faltas cometidas con ocasión ou como consecuencia dos partidos do Campionato corresponderalle, en exclusiva, desde o seu inicio e ata a súa conclusión ao Comité de Competición e en última instancia ao Comité de Apelación. Non se permitirán outras instancias posteriores (nin xurídicas, nin deportivas nin institucionais). O Club que infrinxa esta norma, por non estar de acordo coas resolucións do Comité de Competición ou Apelación no seu caso, será excluído do Campionato.

4.Entre as facultades que teñen os Comités atópase a decisión de suspender, continuar ou adiantar un encontro, é dicir, renovar un encontro interrompido ou non celebrado por calquera circunstancia que impidise a súa normal terminación.

5.As declaracións do árbitro ou xuíz presúmense certas, salvo erro material manifesto, polo que os Comités sancionarán polas actas subscritas polos xuíces ou árbitros do encontro, xa que constituirán o medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas.

6.O Comité de Competición reunirse todos os sábados pola mañá e as sancións estarán expostas os luns, a partir das 20,30 horas, nos distintos pavillóns onde se celebren os encontros.

7.O Club estará sempre obrigado a informarse da situación dun xogador que carrexe sanción por acumulación de cartóns amarelos ou que fose expulsado, mesmo se ao termo do partido o árbitro pon no apartado de incidencias algunha observación con respecto á conduta dalgún xogador.

8.Se un árbitro realiza un Anexo ao partido, o club ten o dereito e a obriga de informarse da redacción do devandito Anexo. Por conseguinte, recibirán un correo electrónico coa redacción de dito anexo nas 48 horas posteriores á celebración do partido.

9.Todas as reclamacións dos Clubs aos incidentes dun partido terán que ser enviadas antes do sábado á seguinte dirección de correo electrónico da liga que se facilite ao inicio da tempada ou deberán ser entregadas antes do sábado no *Pazo dos Deportes* de Arteixo e dirixidas, en sobre pechado, ao Presidente do Comité de Competición.

10.O Comité de Apelación reunirse con carácter extraordinario, cando haxa recursos ás sancións do Comité de Competición e notificarse a resolución antes de que xoguen o próximo partido. Avísase a todos os Clubs que todo recurso que se presente fóra de prazo(despois das 48 horas da exposición das sancións do Comité de Competición) non será tomado en conta por este Comité.

11.Lémbrese a todos os Clubs que, para presentar recurso ante o Comité de Apelación, é necesario que sexa entregado en sobre pechado e a nome do Presidente deste Comité na conserxaría do Pazo dos Deportes ou ben sexa enviado á dirección de correo electrónico da liga que se facilite ao inicio da tempada, antes de que transcorran 48 horas desde a resolución do Comité de Competición.

12.Como consecuencia da modificación de diversos preceptos da Lei do Deporte, coa consecuente adaptación a ela das presentes normas, está xa en vigor a nova normativa en cuxa virtude as sancións impostas a través do correspondente expediente disciplinario son inmediatamente executivas, sen que as reclamacións e recursos que procedan contra as mesmas paralicen ou suspendan a súa execución.

RÉXIME DISCIPLINARIO

1.Se un equipo por desconformidade coas decisións arbitrais ou insubordinación, se retirase da cancha, permanecese nela co claro propósito de non deixar continuar o encontro con aptitude pasiva ou claramente antideportiva, será sancionado coa perda de 3 puntos da súa clasificación xeral, sen prexuízo das sancións que, individual ou colectivamente lle fosen aplicadas polo Comité de Competición.

2.A retirada dun equipo do terreo de xogo, unha vez comezado o partido, ou a negativa para inicialo, cualificarase como incomparecencia, sendo aplicable a tales eventos as disposicións contidas no apartado incomparecencias.

3.Esta norma tamén se amplía aos xogadores, delegados, adestradores e directivos dun club, é dicir, se permanecen nela ou nos bancos con aptitude pasiva ou antideportiva, ou por outra banda non fagan caso ás indicacións arbitrais causando a suspensión do encontro.

ALIÑACIÓNS INDEBIDAS

1.A infracción consistente en aliñación indebida dun futbolista será sempre considerada como de carácter formal, sen distincións acerca da concorrencia de mala fe ou negligencia, ou da suposta ausencia de ambas, e sancionarse, en todo caso, tratándose dunha competición por puntos, coa perda do encontro ao infractor co resultado de cero goles a tres-salvo que o opoñente obtivese un resultado superior; e, sendo por eliminatorias, declarando gañador da que se trate ao club inocente. En ambos os casos, coas accesorias previstas.

2.Se a aliñación indebida do futbolista fose motivada por estar o mesmo suxeito a suspensión, o partido en cuestión, declarado como perdido para o club infractor, computarase para o cumprimento da sanción imposta ao xogador que interveu indebidamente.

3. Todo participante deberá ter formalizada e tramitada ante a organización da liga Municipal de Fútbol sala a licenza que lle acredite como inscrito a favor do seu club, para a súa inclusión na acta arbitral. Se un xogador por esquecemento ou perda da licenza non pode presentar a mesma, poderá presentar o DNI, Carné de Conducir ou algún documento que o acredite, para poder participar no encontro. O Comité de Competición comprobará no mesmo momento se o xogador está inscrito co seu equipo (o cronometrador sinalará no apartado de incidencias esta anomalía e o club está obrigado a emendala antes de que xogue o próximo encontro).

4. As sancións a xogadores expulsados con cartón vermella ou por dobre amoestación, estarán imposibilitados de aliñárense no encontro seguinte, aínda que non saísen as sancións.

5. Se a tempada terminase cando aínda non se teñan cumprido os partidos de sanción, aqueles que quedasen pendentos de cumprírense, terán vixencia na próxima tempada, aínda que se cambie de club.

6. Tratándose da clase de infraccións a que se refire o presente apartado, estarán lexitimados para actuar, como denunciante, os clubs integrados na división ou grupo ao que pertenza o presunto infractor, debendo en tal caso incoar o correspondente procedemento ou órgano disciplinario competente. Só en casos excepcionais e de especial gravidade, actuará o Comité de Competición de Oficio.

RÉXIME COMPETICIONAL

1. Nas competicións de Liga a clasificación final establecerase con arranxo aos puntos obtidos por cada un dos Clubs participantes, a razón de tres por partido gañado, un por empatado e ningún por perdido.

2. Se ao termo do campionato resultase empate entre dous Clubs, resolverase pola maior diferenza de goles a favor, sumados os en pro e en contra segundo o resultado dos dous partidos xogados entre eles, se así non se dilucidase, decidirase tamén pola maior diferenza de goles a favor, pero tendo en conta todos os obtidos e recibidos no transcurso da competición; de ser idéntica a diferenza, resultará mellor clasificado o que marcase máis tantos.

3. Se o empate fose entre máis de dous clubs, resolverase:

a. Pola mellor puntuación da que a cada un lle corresponda a teor dos resultados obtidos entre eles, coma se os demais non participasen.

b. Pola maior diferenza de goles a favor e en contra, considerando unicamente os partidos xogados entre si polos clubs empatados.

c. Pola maior diferenza de goles obtidos e recibidos, tendo en conta todos os encontros do campionato; e, sendo aquela idéntica, a favor do club que marcase máis.

d. En última instancia, se o eventual empate non se resolvese polas regras que anteceden, decidirase a favor do club "Máis Deportivo".

As normas que establecen os anteditos apartados aplicaranse pola súa orde e con carácter excluínte, de tal sorte que se unha delas resolvese en empate dalgún dos clubs implicados, este quedará excluído, aplicándose aos demais as que correspondan, segundo o seu número sexa dous ou máis.

e. Nos partidos de Copa, se ao termo do partido resultase empate entre dous clubs, lanzaranse 3 penaltis por cada equipo. Se continuase o empate, seguiranse lanzando ata que un dos equipos falle (lémbrese que só os poden lanzar os 5 xogadores que están en pista e que non poderán repetir outro lanzamento de penalti ata que non os lanzaron todos, incluído o porteiro).

ASCENSOS E DESCENSOS

1. Ascenderán a superior categoría os tres primeiros clasificados de cada unha das divisións, descendendo o tres últimos de cada unha delas.
2. Cando se trate de cubrir vacantes que eventualmente se produzan, rexerá, como principio xeral, o de que terán sempre mellor dereito os clubs de categoría inferior que, con maior puntuación, non obtivesen o ascenso, no ben entendido, por tanto, que o descenso por razóns clasificatorias debe consumarse sempre, excepto cando exista unha remodelación da categoría (ampliación de equipos na mesma), que se aplicará o réxime de igualdade entre os que descenden e os que quedaron mellor clasificados na categoría inferior.
3. Se tras cubri-las vacantes un equipo renunciase á praza, terán sempre mellor dereito os clubs da categoría inmediatamente inferior con maior puntuación, se ningún deles estivese interesado se lle ofrecerá a praza os equipos descendidos por orden de clasificación, se non esivesen interesados non se aceptaría a renuncia.

PREMIOS

O equipo que menos cartóns teña ao longo da tempada (en cada categoría), levará o trofeo á deportividade.

Baremo a seguir:

- 1 amoestación = 1 punto
- Dobre amoestación = 3 puntos
- Vermella Directa e incomparecencia = 4 puntos

En caso de empate a puntos a diferenza resolverase a favor do equipo que menos faltas cometese.

Ao final de cada tempada entregaranse a cada categoría trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría, aos porteiros menos batidos, ao xogador máis goleador e á deportividade.

BALÓN

Cada club estará obrigado a levar un balón para xogar en cada partido que participe. O club que non cumpra esta norma será inscrito na acta e será sancionado cunha falta leve.

SANCIÓNS DISCIPLINARIAS

1. Aplicaranse as sancións que se indican a continuación. Lémbrese que as devanditas sancións aplicaranse tanto se están na pista, bancos, bancadas ou fóra dos pavillóns deportivos.

- 2.As faltas non amparadas no presente cadro de sancións, sancionárase aplicando o Réxime Disciplinario da F.G.F.S.
- 3.As faltas cometidas por técnicos ou directivos serán castigadas no seu grao máximo, ou no seu caso coa penalización correspondente ao grao mínimo da sanción inmediatamente superior. Esta norma tamén se aplicará se están nas bancadas ou fóra do recinto deportivo a xogadores, Técnicos ou Directivos que están inscritos no campionato.
- 4.Se un árbitro suspendese un partido por incidentes dun xogador ou do público seguidor dun equipo, ademais da sanción disciplinaria, darase por perdido o partido por un resultado de 1-0 ao Club ao que pertenza o público, sempre que o resultado no momento da suspensión sexa de empate ou ganancia a favor do equipo en cuestión.
- 5.Se un equipo acumula 5 faltas leves ou 2 graves abrírase un expediente disciplinario contra o mesmo e estudárase a súa posible expulsión da competición.
- 6.Os sancionados non poderán xogar as xornadas que lles correspondan conforme á orde de xornadas establecido, indiferentemente da orde cronolóxica dos partidos.

FALTAS TÉCNICAS

1.O Regulamento di que é falta xogar o balón coa man, é dicir, levalo, golpealo ou lanzalo coa man ou o brazo separado do corpo, independentemente da voluntariedade ou non das mans, por tanto sancionárase falta para as mans voluntarias como involuntarias. As mans que estean pegadas ao corpo non se considerarán falta.

- 1)Se as mans son voluntarias, ademais de falta, amoestárase ao infractor.
- 3.Será falta Técnica levantar os pés para rematar cara atrás (chilena).

RÉXIME SANCIONADOR

- 1)**APERCIBIMIENTO** (a acumulación de dúas apercibimentos acarrexará o desconto de 1 punto)
 - a)Defectos na uniformidade dos xogadores (camiseta, pantalón, medias, etc.)
 - b)O comportamento indebido por parte do público asistente aos partidos (insultos, faltas de respecto, descoído do material das instalacións, etc.).
- 2)**FALTAS LEVES** (De 1 a 5 partidos)
 - a)Adoptar unha actitude pasiva ou negligente no cumprimento das instrucións arbitrais.
 - b)Protesta reiterada e desobedecer as ordes arbitrais.
 - c)Adoptar actitudes que demoren ou atrasen o inicio e desenvolvemento do partido.
 - d)Dirixirse ao equipo arbitral, espectadores, directivos e outras autoridades deportivas con expresións de menosprezo. Cometer actos de desconsideración cara a eles.
 - e)Insultar ou ofender de forma grave ou reiterada a calquera xogador, adestrador ou membro dos equipos contendentes.
 - f)Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios de palabra ou de obra a calquera xogador, adestrador ou membro dos equipos contendentes.
 - g)Empregar violencia de carácter moi leve co ánimo de provocar (empuxar, golpe suave, etc.) a calquera xogador, adestrador ou membro dos equipos contendentes.
 - h)Empregar no transcurso do xogo medios ou procedementos violentos que atenten á integridade física dun xogador sen causarlle dano.

- i) Provocar por calquera medio a interrupción dunha xogada ou lance do xogo.
- j) Provocar ou incitar a outros xogadores ou ao público en contra da correcta marcha dun partido.
- k) Expresarse de forma atentatoria ao decoro debido ao público ou ofender a algún espectador con palabras ou xestos.
- l) Incumprir as funcións para as que se autoriza expresamente a licenza expedida para permitir a presenza no terreo de xogo do autor dos feitos.
- m) Abandonar, invadir ou entrar no terreo de xogo sen autorización arbitral, cando esta acción altere o normal desenvolvemento do partido.

3) FALTAS GRAVES (de 4 a 8 partidos)

- a) Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios de palabra ou de obra a calquera membro do equipo arbitral, espectador, dirixente de club ou compoñente da organización da competición.
- b) Insultar ou ofender de forma grave ou reiterada a calquera membro do equipo arbitral, espectador, dirixente de club ou compoñente da organización da competición.
- c) Intento de agresión ou a agresión non consumada a calquera xogador, adestrador ou membro dos equipos contendentes.
- d) Empregar medios violentos (empurrón forte, manotazo, cabezazo, patada) en zonas non sensibles como as costas, coa intención de magoar pero sen chegar á agresión consumada a calquera xogador, adestrador ou membro dos equipos contendentes.
- e) Non empregar os medios precisos de protección para os compoñentes do equipo arbitral no caso de que estes sufrisen calquera tipo de intento de agresión.

4) FALTAS MOI GRAVES. Expulsarase do campionato de Arteixo (non poderá participar en posteriores edicións) polos feitos seguintes (excepto os punto e, f e g)

- a) A agresión consumada a calquera membro do equipo arbitral ou da organización da competición. (ademais, denunciarase ás autoridades competentes).
- b) Conduta indecorosa, destrozos ou desperfectos nas instalacións deportivas (ademais de arranxar os desperfectos ocasionados).
- c) O emprego de medios violentos durante o desenvolvemento do xogo, producindo dano ou lesión de carácter especialmente grave.
- d) A agresión ou repeler a agresión a calquera xogador, técnico ou membro dos equipos contendentes, causando lesión.
- e) A agresión (patada, puñetazo, manotazo na cara, etc.) a calquera xogador, técnico ou membro dos equipos contendentes, sen causar lesión (2 anos de sanción)
- f) Repeler unha agresión a calquera xogador, técnico ou membro dos equipos contendentes, sen causar lesión (1 ano de sanción)
- g) Un xogador, Técnico ou Directivo dun club que se sexa expulsado ou sancionado durante a tempada por cinco faltas leves ou por dúas faltas graves: 1 ano de sanción (reiteración de faltas leves ou graves).

5) FALTAS COMETIDAS EQUIPOS

- a) Non entregar as fichas ao crono no prazo establecido: Apercibimento
- b) Por incomparecencia a disputar un partido: Resultado de 3 a 0 na súa contra, restándolle 3 puntos
- c) A participación nunha tangana por parte da maioría dos compoñentes do equipo (ademais das sancións individuais a cada un dos xogadores implicados): Resta de 1 punto
- d) A inscrición no acta dun compoñente do equipo que non cumpra os requisitos, ben por estar sancionado ou por non pertencer ao mesmo: Resultado de 3 a ou no seu contra
- e) Retirada do equipo da cancha de xogo unha vez iniciado o partido: Resultado de 3 a ou no seu contra, restándolle 3 puntos

- f) Terceira incomparecencia dun equipo: Expulsión do campionato
- g) Actitudes antideportivas nas instalacións deportivas da maioría dos compoñentes do equipo: Arranxo dos desperfectos e expulsión do campionato.
- h) Ameazas por parte do público a calquera membro do equipo arbitral: Suspensión do partido e resta de 1 punto ao equipo ou equipos implicados
- i) Emprego de medios violentos por parte do público asistente nas instalacións deportivas ou arredores: Expulsión do campionato ao equipo ou equipos implicados
- j) Negativa a participar nun partido: Resultado de 3 a ou no seu contra, restándolle 3 puntos
- k) Presentar de 1 a 3 xogadores para xogar un partido: Resultado de 3 a ou no seu contra, restándolle 3 puntos (á 3ª vez, expulsión do campionato)

A participación no campionato implica a conformidade aceptación das normas establecidas no presente regulamento, cuxa interpretación corresponde á Organización, así como a calquera circunstancia non prevista.

A organización resérvase o dereito a excluír do campionato ao equipo, ou parte dos seus compoñentes, por actitudes ou feitos de especial gravidade e/ou antideportivas.